26.11.2022 | 21:00 | CONCATEDRAL DE STA. M.ª DE VIGO

DANIEL OYARZABAL + ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO

O festival remata o sábado 26 cun programa que contará coa presencia de Daniel Oyarzabal, quen será acompañado pola Orquesta Clásica de Vigo.

Este concerto dará comezo con dúas pezas básicas no repertorio de órgano, compostas por J. S. Bach como son a *Toccata, adagio e fuga en do maior, BWV 564* ou *Nun freut euch, liebe Christen, gemein, BWV 734.* No centro deste programa interpretaranse dous arranxos realizados por Daniel Oyarzabal sobre o *Entroido dos animais* de C. Saint-Saëns e *Cadros dunha exposición* de M. Músorgski, dúas obras fundamentais do repertorio sinfónico que serán exploradas dende a rexistración e sonoridades propias do órgano.

Este concerto de clausura rematará coa *Sinfonía n.º 1, op. 42* para órgano e orquestra de A. Guilmant, que será interpretada en colaboración coa Orquesta Clásica de Vigo, entidade que apadriña este festival.

PROGRAMA

— Johann Sebastian Bach (1685-1750)
Toccata, adagio e fuga en do mayor, BWV 564
Nun freut euch, liebe Christen, gemein, BWV 734

— Camille Saint-Saëns (1835-1921)
O entroido dos animais (arr. D. Oyarzabal)
«Aquarium»
«Finale»

— Modest Músorgski (1839-1881)
«*Cadros dunha exposición* (arr. D. Oyarzabal)
«A cabana sobre patas de galiña»
«A gran porta de Kiev»

— Alexander Guilmant (1837-1911)
Sinfonía n.º 1 para órgano e orquestra en re menor
«Introduction et Allegro»
«Pastorale»
«Final. Allegro assai»

VISITA GUIADA AOS ÓRGANOS DE TUI E VIGO

Un percorrido comparado entre a tipoloxía barroca e romántica con Daniel Sanmartín Nieto.

Sábado 26 | 10.00h | 30 prazas | 15 euros (inclúe transporte)